

Actualización do calendario de vacinación infantil

1 de xaneiro de 2017

Calendario de vacinación infantil

2 meses	4 meses	11 meses	12 meses	15 meses	3 anos	6 anos	12 anos	14 anos
HEXAVALENTE (difteria, tétano, tose ferina, poliomielite, <i>Haemophilus influenzae b</i> , hepate B)	HEXAVALENTE (difteria, tétano, tose ferina, poliomielite, <i>Haemophilus influenzae b</i> , hepate B)	HEXAVALENTE (difteria, tétano, tose ferina, poliomielite, <i>Haemophilus influenzae b</i> , hepate B)	TRIPLE VÍRICA (sarampelo, rubéola e parotidite)	VARICELA	TRIPLE VÍRICA (sarampelo, rubéola e parotidite)	dTpa¹ (difteria, tétano, tose ferina de baixa carga antixénica)	VARICELA²	Td (tétano, difteria)
PNEUMOCÓCICA CONXUGADA	MENINGOCÓCICA C PNEUMOCÓCICA CONXUGADA	PNEUMOCÓCICA CONXUGADA	MENINGOCÓCICA C		VARICELA		MENINGOCÓCICA C	
							VPH³ (virus do papiloma humano)	



Introdución

A partir do vindeiro 1 de xaneiro de 2017 actualízase o calendario de vacinación sistemática infantil de acordo coas recomendacións do calendario común do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde (CISNS), mantendo e asegurando unha protección axeitada e simplificando as pautas.

A Orde que modifica o calendario foi publicada o venres 9 de decembro de 2016 no DOG e entra en vigor o 1 de xaneiro de 2017. Este novo calendario supón unha readaptación nas datas e nas doses dalgunhas vacinas; por exemplo, suporá a eliminación das doses dos 0 e 6 meses e o adianto da dose de recordo dos 18 meses aos 11 meses de idade. Estes cambios empezaranse a aplicar á cohorte de nados a partir do 1 de xullo de 2016.

Este calendario aprobado polo CISNS foi estudado e analizado pola Comisión Asesora de Enfermidades Inmunoprevibles de Galicia, que entendeu que as modificacións e actualizacións aprobadas sobre as pautas do calendario sistemático responden e se adaptan aos requirimentos científicos e epidemiolóxicos.


Os cambios que se recollen nesta nota informativa fan referencia a aspectos relevantes na actualización das pautas dispoñibles nas vacinas do calendario de vacinación infantil, modificándose esencialmente a pauta de primovacinação, cambiando de tres doses a dúas doses nos primeiros seis meses de vida, administrando así mesmo a dose de recordo a unha idade máis temperá. Esta simplificación do esquema de vacinación actual na primovacinação afecta as vacinas fronte á difteria-tétano-tose ferina, poliomielite, *Haemophilus influenzae* tipo b e hepatite B.

Como se comentou antes, este novo calendario ten ademais outro cambio relevante, como é a supresión da primeira dose de vacina fronte á hepatite B, que ata agora se administraba ao nacer (no hospital). Esta medida acordouse pola alta cobertura do cribado neonatal na embarazada. Este control permite levar un seguimento da muller durante todo o embarazo e a vacinación dos fillos de nai portadora de AxHBs nas primeiras 24 horas de vida xunto coa administración de inmunoglobulina HB, reducindo as posibilidades de que o neonato se infecte co virus da hepatite B nos primeiros días de vida.

Neste novo calendario tamén hai outras modificacións respecto ao calendario actual nos nenos primovacínados segundo esta nova pauta ao cumprir os 6 anos de idade, xa que se administrará unha dose de vacina difteria-tétano-tose ferina acelular de alta carga (DTPa) e unha dose de polio inactivada (VPI) para manter a protección a máis longo prazo; estas vacinas poderán ser administradas de forma combinada ou por separado, aínda que esta incorporación non se producirá ata o 1 de xullo de 2022. Mentres tanto, os nados ata xuño de 2016 deberán recibir a vacina difteria, tétano, tose ferina acelular de baixa carga (dTpa) a medida que vaian cumprindo os 6 anos e unha vez que se normalice a súa subministración.

Para a elaboración deste novo calendario de vacinación, tivéronse en conta os datos epidemiolóxicos e as coberturas de vacinación, revisándose os esquemas de vacinación utilizados nos países do noso contorno, a evidencia científica sobre os resultados da utilización de diferentes pautas de vacinación e os datos de inmunoxenicidade dos últimos ensaios clínicos realizados.

Calendario de vacinación infantil



A partir do 1 de xaneiro, suprimirase a dose de HB no momento do nacemento. Administrarase 1 dose aos fillos de nai sen cribado prenatal e unha dose máis inmunoglobulina HB aos fillos de nai portadora.

- (1) A partir de xullo de 2022 utilizarase a vacina DTPa/VPI aos 6 anos.
- (2) Persoas que refiran non ter pasado a enfermidade nin recibido as dúas doses desta vacina con anterioridade.
- (3) Unicamente rapazas, 2 doses: 0, 6 meses. Manterase a vacinación aos 14 anos durante 2017 para as rapazas de 13 e 14 anos.

O día **1 de xaneiro de 2017** entra en vigor a actualización do calendario de vacinación infantil da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 9 de decembro de 2016).



Administración cronolóxica das vacinas do calendario

Elimínase a vacinación fronte á hepatite B no momento de nacer:

Esta dose só se administrará no caso de fillos de nai sen cribado, e no caso de fillos de nai portadora administraráselles xunto coa inmunoglobulina HB nas primeiras 24 horas de vida.

2 meses

- Vacinación fronte á difteria-tétano-tose ferina (DTPa), polio (VPI), *Haemophilus influenzae b* (Hib), hepatite B (Hep B) e pneumocócica conxugada (PnC).
- Administrarase unha dose de vacina **INFANRIX hexa**[®] nunha coxa e **PREVENAR 13**[®] na outra coxa.

	Laboratorio	Presentación	Vía e lugar de administración
 <p>INFANRIX hexa[®]</p>	GlaxoSmithKline, S.A.	Xiringa precargada (suspensión) e vial (po liofilizado) para reconstituír, con dúas agullas separadas	Intramuscular, na cara anterolateral da coxa
 <p>PREVENAR 13[®]</p>	Pfizer, S.L.U.	Xiringa precargada con agulla separada	

4 meses

- Vacinación fronte á difteria-tétano-tose ferina (DTPa), polio (VPI), *Haemophilus influenzae b* (Hib), hepatite B (Hep B), pneumococo (PnC) e meningococo C (Men C).
- Administrarase a 2.^a dose de **INFANRIX hexa®**, a 2.^a dose de **PREVENAR 13®** e a 1.^a dose **NEISVAC-C®**; deberá gardarse a distancia mínima para a administración de dúas vacinas na mesma coxa.

	Laboratorio	Presentación	Vía e lugar de administración
<p>INFANRIX hexa®</p> 	GlaxoSmithKline, S.A.	Xiringa precargada (suspensión) e vial (po liofilizado) para reconstituír, con dúas agullas separadas	
<p>PREVENAR 13®</p> 	Pfizer, S.L.U.	Xiringa precargada con agulla separada	Intramuscular, na cara anterolateral da coxa
<p>NEISVAC-C®</p> 	Pfizer, S.L.U.	Xiringa precargada con 2 agullas intercambiabes de diferente tamaño	

11 meses

- Vacinación fronte á difteria-tétano-tose ferina (DTPa), polio (VPI), *Haemophilus influenzae b* (Hib), hepatite B (Hep B) e pneumococo (PnC).
- Administrarase a 3.^a dose de vacina **INFANRIX hexa[®]** nunha coxa e a 3.^a dose de **PREVENAR 13[®]** na outra coxa.

	Laboratorio	Presentación	Vía e lugar de administración
 <p>INFANRIX hexa[®]</p>	GlaxoSmithKline, S.A.	Xiringa precargada (suspensión) e vial (po liofilizado) para reconstituír, con dúas agullas separadas	Intramuscular, na cara anterolateral da coxa
 <p>PREVENAR 13[®]</p>	Pfizer, S.L.U.	Xiringa precargada con agulla separada	


12 meses

- Vacinación fronte ao meningococo C (Men C), sarampelo, rubéola e parotidite (TV).
- Administrarase a 2.^a dose de **NEISVAC-C®** e a 1.^a dose de **PRIORIX®**.

	Laboratorio	Presentación	Vía e lugar de administración
<p>NEISVAC-C®</p> 	Pfizer, S.L.U.	Xiringa precargada con 2 agullas intercambiáveis de diferente tamaño	Intramuscular, na cara anterolateral da coxa / rexión externa do músculo deltoide
<p>PRIORIX®</p> 	GlaxoSmithKline, S.A.	Xiringa precargada (disolvente) e vial (po) para reconstituír, con 2 agullas separadas	Subcutánea na rexión externa do músculo deltoide



15 meses

- Vacinación fronte á varicela (VVZ).
- Administrarase a 1.^a dose de **VARIVAX®**.

	Laboratorio	Presentación	Vía e lugar de administración
<p>VARIVAX®</p> 	MSD, S.A.	Xiringa precargada (disolvente) e vial (po) para reconstituír, con dúas agullas separadas	Intramuscular na rexión externa do músculo deltoide/ subcutánea en caso de diátese hemorráxica

3 anos

- Vacinación fronte ao sarampelo, á rubéola e á parotidite coa vacina triple vírica (TV) e fronte á varicela (VVZ).
- Administrarase a 2.^a dose de **PRIORIX®** e 2.^a de **VARIVAX®** (esta última só para os nados a partir do ano 2015).




	Laboratorio	Presentación	Vía e lugar de administración
 <p>PRIORIX®</p>	GlaxoSmithKline, S.A.	Xiringa precargada (disolvente) e vial (po) para reconstituír, con 2 agullas separadas	Subcutánea na rexión externa do músculo deltoide
 <p>VARIVAX®</p>	MSD, S.A.	Xiringa precargada (disolvente) e vial (po) para reconstituír, con 2 agullas separadas	Intramuscular na rexión externa do músculo deltoide/ subcutánea en caso de diátese hemorráxica

6 anos

- Vacinación fronte á difteria-tétano-tose ferina acelular (dTpa): **Aos nenos/as** vacinados coa pauta 3+1 (**nados con anterioridade ao 1 de xullo de 2016**) administraráselles **unha dose de difteria-tétano-tose ferina de baixa carga antixénica (dTpa)** aos 6 anos e no momento en que se normalice a situación de desabastecemento na que nos encontramos desde 2015.
- Vacinación fronte á difteria-tétano-tose ferina acelular (DTPa) e fronte á poliomielite (VPI): Esta nova vacina administraráselles **aos nenos/as vacinados a partir de xullo de 2016 coa pauta 2+1 cando acaden os 6 anos de idade (ano 2022)**.

12 anos

- Vacinación fronte ao meningococo C (MenC), virus do papiloma humano (VPH) e varicela (VVZ), neste último caso só para susceptibles.
- Administrarase a 3.^a dose de **NEISVAC-C®**, e iniciárase a pauta de VPH con vacina **CERVARIX®**, e no caso de susceptibles á varicela iniciárase a pauta coa vacina **VARIVAX®**.

	Laboratorio	Presentación	Vía e lugar de administración
<p>NEISVAC-C®</p> 	Pfizer, S.L.U.	Xiringa precargada con 2 agullas intercambiabes de diferente tamaño	
<p>CERVARIX® 2 doses: 0-6 meses</p> 	GlaxoSmithKline, S.A.	Xiringa precargada e agulla separada	Intramuscular na rexión externa do músculo deltoide
<p>VARIVAX® (Só para susceptibles)</p> 	MSD, S.A.	Xiringa precargada (disolvente) e vial (po) para reconstituír, con 2 agullas separadas	Intramuscular na rexión externa do músculo deltoide/ subcutánea en caso de diátese hemorráxica

Pautas:

CERVARIX®: 2 doses aos 0-6 meses. Só rapazas.

VARIVAX®: 2 doses. Intervalo mínimo 4 semanas. Só para susceptibles.

14 anos

- ▮ Vacinación fronte ao tétano e a difteria (Td de tipo adulto).
- ▮ Administrarase unha dose de vacina Td tipo adulto.
- ▮ **A vacina fronte ao virus do papiloma humano durante este ano 2017** tamén se administrará ás rapazas de entre 13 e 14 anos non vacinadas.

	Laboratorio	Presentación	Vía e lugar de administración
<p>DIFTAVAX®</p> 	Sanofi, S.A.	Xiringa precargada con agulla	Intramuscular na cara externa do deltoide
<p>CERVARIX® 2 doses: 0-6 meses</p> 	GlaxoSmithKline, S.A.	Xiringa precargada e agulla separada	

Xestión das doses vacinais

As vacinas facilitaranse gratuitamente por parte do Programa galego de vacinación para o seu uso en todos aqueles casos que cumpran os criterios anteriormente expostos.

Débese lembrar que os preparados vacinais descritos con anterioridade corresponden aos produtos que están dispoñibles neste momento por parte do Programa galego de vacinación, e que poden cambiar unha vez que se resolva o novo concurso do Acordo Marco que se tramitará no vindeiro ano. Unha vez resolto, comunicaranse os produtos vacinais dispoñibles para os vindeiros anos.

A subministración dentro do Programa galego de vacinación non sofre modificacións, xa que as vacinas seguen a estar dispoñibles nos centros de saúde para a utilización nas condicións descritas.

SOLICITUDE DE DOSES:

As peticións realizaranse a través da páxina web do Sergas:

<https://extranet.sergas.es/vaweb/VAWEB/AccesoPeticonesVacunas.aspx?IdPaxina=700263&seccion=0>

A solicitude de doses deberase adaptar ás necesidades reais do centro, tendo en conta que non é necesario acumulalas, xa que poden ser subministradas coa periodicidade establecida en cada punto de vacinación.

REXISTRO DE DOSES:

Nos centros do Sergas, as doses administradas débense rexistrar en IANUS, como todas as vacinas.

Os restantes centros rexistrarán as doses que administren vía web:

<https://extranet.sergas.es/vaweb/VAWEB/AccesoPeticonesVacunas.aspx?IdPaxina=700263&seccion=0>

Para máis información, pódese revisar a ficha técnica de cada unha das vacinas, así como o documento sobre dúbidas referentes aos cambios nas pautas vacinais, dispoñibles na páxina web da Consellería de Sanidade (Dirección Xeral de Saúde Pública)

dxsp.sergas.gal


Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2016

O director xeral de Saúde Pública
Andrés Paz-Ares Rodríguez

galicia
o bo camiño



XUNTA
DE GALICIA
xunta.gal